

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROIS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO E DIFUSIÓN DA SEGURIDADE INDUSTRIAL EN GALICIA.**

Na data da sinatura dixital 07/08/2025

**REÚNENSE**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria (en adiante CEI), na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, do 14 de abril, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 140/2024 de 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101 do 27 de maio).

Por outra parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (en adiante ICOEIG), como decano elixido mediante acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do día 2 de decembro de 2023 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dito Colexio.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que con data 09 de maio de 2025, a Consellería de Economía e Industria e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia asinaron un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento das actuacións de fomento e difusión da seguridade industrial en Galicia.

**SEGUNDO.-** O 16 de maio de 2025 reuniuse a comisión de seguimento e control, en virtude das facultades que lle foron concedidas pola cláusula décimo terceira (comisión de seguimento) do convenio, para analizar a planificación das actuacións.

Ambas as partes detectaron a imposibilidade de realizar parte das actividades a desenvolver na cláusula segunda e no anexo I, en concreto a actividade de presentación das actuacións a desenvolver en materia de fomento e difusión da Seguridade Industrial, pola posibilidade de solapamento con outras actividades de difusión nos medios de comunicación previstas pola CEI, e por contra acordase

intensificar a actividade prevista de elaboración de guías didácticas para a promoción e difusión da seguridade industrial, por considerarse dita actividade cun impacto mais significativo nos actores profesionais da seguridade industrial.

Considerando todo isto, os aquí comparecentes

## **ACORDAN**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado con data 09 de maio de 2025 entre a Consellería de Economía e Industria e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia para o desenvolvemento das actuacións de fomento e difusión da seguridade industrial en Galicia, con fin de eliminar unha actuación a desenvolver, e aumentar a contía dos traballos noutra actuación.

### **SEGUNDO .- MODIFICACIÓNS**

**Modificar a cláusula segunda (ACTIVIDADES A DESENVOLVER), quedando do seguinte xeito:**

A CEI e o ICOIIG levarán adiante unha serie de actividades dirixidas ao fomento e difusión da Seguridade Industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades a desenvolver obxecto deste convenio de colaboración son as seguintes:

1. Realización de visitas guiadas a industrias galegas para a promoción da seguridade industrial: o obxectivo é de dar visibilidade aos seus plans e actividades no ámbito da seguridade industrial. Terán unha finalidade didáctica e de promoción da concienciación e difusión da seguridade industrial en diferentes colectivos implicados para achegar a mensaxe a sociedade en xeral sobre a importancia da seguridade industrial.
2. Elaboración de guías didácticas para a promoción e difusión da seguridade industrial. Prevese a publicación de tres novas guías didácticas.
3. Actuación de concienciación sobre a Vixilancia de Mercado. Mediante a elaboración de vídeos explicativos sobre o mercado CE de elementos das instalacións de gas e de baixa tensión (enchufes).
4. Premios de Seguridade Industrial da Comunidade Autónoma de Galicia: o obxectivo é o de promover no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o



recoñecemento e distinción das entidades, persoas físicas ou xurídicas, que no desenvolvemento da súa actividade destacasen polo seu compromiso na procura da excelencia na seguridade e calidade industrial.

5. II Congreso de Seguridade industrial da Comunidade Autónoma de Galicia: a finalidade é a de poñer en valor e no centro de atención a seguridade industrial como valor prioritario da nosa sociedade de benestar.
6. Elaboración de materiais de sensibilización: o obxectivo é a creación de distintos materiais gráficos e visuais para a sensibilización na importancia da seguridade industrial

**Modificar a cláusula QUINTA (CONTÍA DA ACHEGA ECONÓMICA)** quedando a distribución do orzamento desagregada en función das actuacións previstas no Anexo I do seguinte xeito:

PARTIDAS	IMPORTE (€)
Realización de visitas guiadas a industrias galegas para a promoción da seguridade industrial	4.350,00
Elaboración de guías didácticas para a promoción e difusión da seguridade industrial	26.800,00
Promoción e divulgación da vixilancia de mercado	7.600,00
Premios de Seguridade Industrial da Comunidade Autónoma de Galicia	15.600,00
II Congreso de Seguridade industrial da Comunidade Autónoma de Galicia	33.300,00
Materiais de sensibilización. Vídeos sectoriais	19.700,00
<b>TOTAL</b>	<b>107.350,00</b>

**Modificar o ANEXO I ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN NO MARCO DESTE CONVENIO**, eliminando a actividade de : "Presentación das actuacións fomento e difusión da Seguridade Industrial".

**Modificar o ANEXO I dando unha nova redacción a actividade “Organización dos Premios de Seguridade Industrial da Comunidade Autónoma de Galicia”, que quedaría do seguinte xeito:**

Teñen o obxectivo de promover no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o recoñecemento e distinción das entidades, persoas físicas ou xurídicas, que no desenvolvemento da súa actividade destacasen polo seu compromiso na procura da excelencia na seguridade e calidade industrial, así como a difusión e implantación de boas prácticas nestes ámbitos.

Os premios de Seguridade industrial estarán integrados nunha sección da VI edición dos premios Galicia de Industria (Gala de Premios Galicia Industria y Energía) organizada polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Concederanse premios nas seguintes categorías:

- Iniciativa innovadora en seguridade e calidade industrial.
- Traxectoria profesional ou cívica, relevante para o fomento da seguridade e a calidade.

Ademais haberá un apartado especial e unha imaxe específica para a Seguridade Industrial xa que se se entregarán dous premios de Seguridade Industrial.

**TERCEIRO.- EFICACIA DA PRESENTE ADDENDA**

En todo o non modificado pola presente addenda, seguirá en vigor o disposto no convenio de colaboración asinado o 09 de maio de 2025.

**CUARTO .- PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS.**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, procederase á inscrición da addenda no Rexistro de convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, tendo lida a presente addenda ao convenio e, en proba da súa conformidade e no exercicio das atribucións de que son titulares, as partes comparecentes asinan dixitalmente o presente acordo na data que figura na marxe.

Pola Consellería de Economía e Industria

Polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros  
Industriais de Galicia